



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Memoria Xustificativa

Expediente núm.: 2024/EGFAB/000101

Procedemento: Procedemento Aberto

Asunto: Contratación do servizo de coordinación dos clubs de lectura nas bibliotecas públicas municipais de Oleiros

Documento asinado por: Coordinadora das bibliotecas municipais e Concelleira

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

O programa de realización de Clubs de lectura, talleres e Tertulias literarias quere aglutinar todos aqueles clubs que organiza o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais ao longo do ano e para os que se precisa a contratación de persoal externo. Non están incluídos os clubs que se levan a cabo con persoal municipal exclusivamente.

O Concello non dispón dos medios humanos, necesarios ou suficientes, para realizar a prestación deste servizo polo que se precisa a contratación de persoal externo para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é axeitada ao fin perseguido.

2. Descrición da situación actual

a) Situación na Institución

Os programas de Clubs de lectura, talleres de lectura e tertulias literarias son un dos de maior éxito dentro das actividades ofertadas para o público adulto nas bibliotecas municipais de Oleiros, por este motivo vanse por en funcionamento novos clubs de lectura de forma que serían:

Dous na Biblioteca Central Rialeda, sita en Perillo.

Tres na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.

Dous na Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado de Mera.

Un na Biblioteca Pública Municipal Manuel María de Oleiros.

Para posibilitar a continuidade da prestación do servizo sácase este contrato maior por Procedemento Aberto, debido a que o Concello non dispón dos medios humanos, necesarios ou suficientes, para realizar a prestación deste servizo, polo que se precisa a contratación de persoal externo para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é axeitada ao fin perseguido e dado que existen persoas dedicadas profesionalmente a estas tarefas, parece axeitado continuar con este servizo a través da contratación de persoas, físicas ou xurídicas, con solvencia suficiente na materia correspondente.



CONCELLO DE OLEIROS

b) Marco normativo

- A Administración e a promoción da cultura:

*A Constitución Española de 1978 garante o acceso universal da cidadanía á cultura e obriga aos poderes públicos á súa consecución. O artigo 44 recolle que "os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito".

*Lei 5/2012, do 15 de xuño de bibliotecas de Galicia

Na Exposición de motivos di que "as bibliotecas constitúen servizos culturais e informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada. A través delas posibilitase o cumprimento de importantes mandatos constitucionais, como son o acceso de todas e todos á cultura, a participación da cidadanía na vida cultural e a conservación e promoción do patrimonio cultural do pobo galego".

No Artigo 20, define as funcións das bibliotecas públicas, e entre as súas funcións no apartado e) especifica "Desenvolver actividades de creación ou difusión cultural e de promoción da lectura".

*A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local recolle no artigo 25 a capacidade do municipio para xestionar os seus intereses, estando no ámbito das súas competencias a promoción de actividades e a prestación de servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal no ámbito das súas competencias, entre as que se atopan a promoción da cultura e os equipamentos culturais.

O municipio, conforme aos principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira, exercerá en todo caso como competencias propias nas seguintes materias:

- Promoción da ocupación do tempo libre.
- Promoción da cultura e dos equipamentos culturais.

3. Obxecto do contrato

O presente prego ten por obxecto fixar as condicións técnicas para a contratación do servizo de coordinación dos clubs de lectura nas bibliotecas públicas municipais de Oleiros.

Este contrato ten carácter administrativo, de acordo co establecido no artigo 25 da LCSP, e non está suxeito á regulación harmonizada xa que o valor estimado do presente contrato non é igual ou superior á cantidade que figura no artigo 22.1b).

4. Análise técnica

a) Consideracións técnicas e requirimentos

O servizo que sae a contratación terá as seguintes características:



CONCELLO DE OLEIROS

Os clubs de lectura, para persoas adultas, consistirán no comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa, pero tamén se procurará ler teatro, poesía e ensaio, pretendendo o lado formativo e, á vez, lúdico da lectura.

Deberase ir descubrindo a forma de escribir de cada autor e autora, os distintos estilos, o tipo de linguaxe que utiliza, etc. Intentarase realizar unha aproximación ás diversas obras elixidas a través de diferentes niveis: estético, afectivo, intelectual, etc. e analizar os textos escritos, os procedementos e características máis importantes de cada obra. Comentarase o argumento, recursos literarios utilizados polo/a escritor/a, tema que trata ou co que está relacionado, etc.

É unha das actividades dirixida á poboación adulta con maior éxito e nos que sole haber Lista de Agarda.

O fin principal é animar a ler, sentir pracer coa literatura, como un desenvolvemento da capacidade de entender, valorar e gozar da creación literaria a través da lectura, de forma que compartindo ideas, reflexionando sobre temas diversos, analizando a propia visión do mundo, poida haber un enriquecemento co punto de vista de todas e todos os participantes.

Os obxectivos que se pretenden conseguir son:

- Promover a lectura e o uso da biblioteca, destacando que esta non só ofrece servizos aos estudantes e escolares, senón tamén a toda a poboación.
- Animar a ler e gozar coa literatura.
- Combinar a lectura persoal coa posibilidade de compartir a experiencia con outras persoas.
- Formar lectoras e lectores competentes.
- Axudar a descubrir a diversidade dos libros.
- Reflexionar sobre as vivencias e aprendizaxes que pode aportar a lectura.
- Dinamizar os fondos bibliográficos das bibliotecas.
- Atraer ás bibliotecas a un público diverso.
- Dar a coñecer diversas obras da literatura universal, española e/ou galega.
- Achegar os libros e a lectura en galego.
- Fomentar o pracer pola escrita literaria.

As pautas de lectura serán marcadas polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros.

b) Persoas destinatarias

Diríxense a persoas adultas. En cada club poderá haber ata un máximo de 20 participantes. Se nalgún club asisten menos de 9 persoas, ese club deixará de realizarse.



CONCELLO DE OLEIROS

c) Periodicidade

De xaneiro a mediados de xuño e de outubro a decembro.

d) Organización dos clubs:

Realizaranse programacións trimestrais, para que as/os participantes saiban os libros que van ler e que se van comentar. En cada unha das programacións é obrigatorio que figure, como mínimo, unha obra de literatura española ou hispanoamericana, unha obra de literatura galega (non servirán traducións) e unha obra de literatura universal.

A principios do mes de setembro é necesario ter realizada a programación das lecturas para os meses de outubro a decembro. A principios do mes de decembro é necesario ter realizada a programación das lecturas para os meses de xaneiro a marzo. A principios do mes de marzo é necesario ter realizada a programación das lecturas para os meses de abril a xuño.

A selección realizarase en base aos libros existentes e dispoñíbeis nas bibliotecas municipais de Oleiros, nas bibliotecas e entidades de Galicia coas que as bibliotecas municipais de Oleiros colaboran e coas que intercambian libros e no Club de Lectura de Galicia pertencente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Antes de presentar a programación é necesario comprobar que eses libros están libres e que se poden utilizar nas datas programadas. As programacións serán revisadas polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros e poderán cambiar as obras que consideren.

Paralelamente, a finais de setembro ou a principios de outubro realizarase a inscrición das persoas que desexan participar, elaboraranse os grupos e estableceranse as datas para comezar as sesións de cada grupo. Desde as bibliotecas municipais proporcionaranse os exemplares necesarios dos libros seleccionados para a súa lectura, que poderán ser de propiedade das bibliotecas municipais de Oleiros, doutras bibliotecas, doutras administracións ou entidades ou do Club de Lectura de Galicia pertencente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Unha vez finalizada a súa lectura e comentario, estes exemplares serán devoltos á biblioteca organizadora da actividade na data que se marque para a súa devolución. É imprescindible cumprir as datas de devolución.

O/a coordinador/a de cada club, en cada sesión, terá que moderar os debates. Realizará unha presentación do autor e da obra, temática que trata, argumento, tipo de linguaxe utilizado polo escritor ou escritora, procedementos estilísticos, principais características, etc.

Deberá relacionar os libros lidos con outras manifestacións culturais ou científicas: cinematográficas, musicais, artísticas, pictóricas, científicas, etc. Terá que entregar dossiers e os materiais complementarios necesarios para desenvolver as sesións: sobre os autores, sobre os libros, sobre as temáticas tratadas, etc. Elaborará contidos para a plataforma Web do Concello de Oleiros, para o blog do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros ou para calquera outra rede social das bibliotecas municipais de Oleiros.

Moderará o club de forma que se respecten as quendas de palabra, dar ou sacar a palabra a un/unha participante, evitar enfrontamentos, controlar o tempo de participación de cada persoa, invitar a que os/as distintos/as participantes compartan as súas ideas sobre o libro lido e



CONCELLO DE OLEIROS

reflexionen sobre el, etc. De forma amena debe fomentar a lectura das obras propostas para provocar un gozo coa literatura.

En cada sesión é obrigatoria a recollida de datos de asistencia/participación.

Ao final de cada trimestre elaborarán un informe coa valoración das lecturas.

A finais de maio ou principios de xuño deberán presentar a memoria final de avaliación da actividade.

5. Análise Económica

a) Xustificación

Para o cálculo do valor estimado do contrato tivéronse en conta varios factores:

- Nº de sesións: calculouse o número máximo de sesións a realizar durante cada ano, tomando como referencia a programación executada nos últimos anos, e tamén os novos clubs de lectura que se iniciarán unha vez que este contrato estea adxudicado.
- Prezo por hora de servizo: o prezo por hora resultante da aplicación do convenio laboral aplicable sería como segue:

DESGLOSE DE CUSTOS SEGÚN CONVENIO		
Convenio laboral: III Convenio colectivo marco estatal del sector ocio educativo y animación sociocultural, publicado no BOE de 22 de marzo de 2021, con actualizacións IPC 2024		
Os salarios de referencia para este cálculo de custos son os que resultan das táboas do Convenio para o ano 2023, incrementados nun 3,1% en concepto de IPC.		
	salarios 2023	2024
2023-salario anual	17.252,60 €	17.787,43
2023-complemento dedicación	435,48 €	448,98
	LOTE 1	LOTE 2
Clasificación	GRUPO III Mediador cultural	GRUPO III 1 Mediador cultural
Salario Anual 2024	17.787,43	17.787,43
C. Dedicación	448,98	448,98
Horas Convenio	1.742,00	1.742,00
€/hora	10,47	10,47
SS a cargo da empresa (media) 32,60%	3,41	3,41
custe bruto/hora	13,88	13,88
Gastos Xerais Empresa 10%	1,39 €	1,39 €
B.I. 6%	0,83 €	0,83 €
Total custo/hora	16,10 €	16,10 €



CONCELLO DE OLEIROS

O prezo resultante está moi alonxado do prezo real de mercado, polo cal acúdese ao de mercado para fixar o valor estimado do contrato e o tipo de licitación.

O artigo 102 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dispón no seu parágrafo 3 o seguinte: “Os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral de mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Naqueles servizos nos que o custo económico principal sexan os custos laborais, deberán considerarse os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables no lugar de prestación dos servizos”.

Na análise do prezo de mercado tivéronse en conta tanto o valor real dos servizos similares prestados nos meses anteriores a este concello, coma varias adxudicacións do mesmo tipo de servizo extraídas da Plataforma de Contratación do Estado.

Deste xeito, preténdese promover a concorrência, agardando que a competencia entre licitadores determine a rebaixa máxima que se pode esperar neste tipo de servizos.

O cálculo resultante é como segue:

CUSTOS A PREZO DE MERCADO ACTUAL POR ACTIVIDADE		
	LOTE 1	LOTE 2
Clasificación	GRUPO III 1 Mediador cultural	GRUPO III 1 Mediador cultural
custo por hora	47,00	43,00
SS a cargo da empresa (media) 32,60%	15,32	14,02
custo bruto/hora	62,32	57,02
Gastos Xerais Empresa 10%	6,23 €	5,70 €
B.I. 6%	3,74 €	3,42 €
Total custe/hora	72,29 €	66,14 €
Horas de servizo/ano estimadas	228,00	48,00
TOTAL CUSTO ANUAL	16.482,12	3.174,72
TIPO LICITACIÓN (euros/hora)	72,29	66,14

b) Orzamento

LOTE 1: Clubs de Lectura xeral para persoas adultas na Biblioteca Central Rialda sita en Perillo e na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de



CONCELLO DE OLEIROS

Santa Cruz, de periodicidade quincenal en cada un deles e coa duración de dúas horas en cada sesión.

Distribución das anualidades, (ano/importe), calculado segundo as sesións previstas:

Período de execución	Sesións de clubs de lectura	Número de horas	Prezo/hora Sen IVE	Prezo total Sen IVE	IVE 21%	Prezo total con IVE engadido
2024	40	80	72,29	5.783,20	1.214,47	6.997,67
2025	114	228	72,29	16.482,12	3.461,25	19.943,37
2026	74	148	72,29	10.698,92	2.246,77	12.945,69
TOTAL				32.964,24		39.886,73

LOTE 2: Clubs de Lectura xeral para persoas adultas na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz, na Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado de Mera e na Biblioteca Pública Municipal Manuel María de Oleiros, de periodicidade mensual en cada un deles e coa duración de noventa minutos en cada sesión.

Distribución das anualidades, (ano/importe), calculado segundo as sesións previstas:

Período de execución	Sesións de clubs de lectura	Número de horas	Prezo/hora Sen IVE	Prezo total Sen IVE	IVE 21%	Prezo total con IVE engadido
2024	12	18	66,14	1.190,52	250,01	1.440,53
2025	32	48	66,14	3.174,72	666,69	3.841,41
2026	20	30	66,14	1.984,20	416,68	2.400,88
TOTAL				6.349,44		7.682,82

Calcúlase un prezo por hora diferente para as sesións quincenais (que son de dúas horas de duración) das sesións mensuais (que son de noventa minutos de duración) debido a que as quincenais considéranse de maior dificultade por ter que ler e analizar os libros nun prazo de tempo inferior, debido a que o/a moderador/a terá que traer os libros lidos para cada sesión e terá que ler e analizar dous libros por semana e os debates duran máis tempo polo que precisan unha preparación maior.

O prezo inclúe todo tipo de honorarios profesionais, desprazamentos, dietas, seguros, impostos e outros gastos de xestión.



CONCELLO DE OLEIROS

O orzamento total deste contrato é un importe estimado, que se calculou tendo en conta a demanda que se prevé na execución dos diferentes servizos a contratar. Posto que a execución real dos servizos realizarase en función da demanda das actividades, o orzamento real de execución podería ser inferior ao orzamento máximo estimado inicialmente. De acordo con isto, a minoración do número de servizos estimados como consecuencia dunha revisión á baixa das necesidades da Administración, sen que varíen nin os prezos unitarios nin o obxecto do contrato, dará lugar a unha modificación do expediente de gasto, sen que se considere unha modificación contractual, podendo descontraer ou liberar o crédito comprometido, con anterioridade á liquidación do contrato.

As sesións son estimativas. Só se pagarán as realmente efectuadas. Se o número de asistentes a algún dos clubs é inferior a 9 persoas, deixará de realizarse a actividade, e as sesións que falten por executar non se pagarán.

Asemade, no caso de que a demanda de actividades superase a estimación máxima prevista inicialmente, o importe estimado podería ampliarse ata un 20 % máis do importe inicial do contrato, despois de garantir que existe consignación orzamentaria suficiente e axeitada.

O gasto será obxecto de imputación á aplicación orzamentaria 80.3321.22799.

O presente contrato terá a súa aplicación orzamentaria nos anos 2024, 2025 e 2026, co seguinte desglose:

Período	total lote 1	total lote 2	total ano
2024	6.997,67	1.440,53	8.438,20
2025	19.943,37	3.841,41	23.784,78
2026	12.945,69	2.400,88	15.346,57
	39.886,73	7.682,82	47.569,55

Entenderase que as persoas licitadoras, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto deba indicarse como partida independente, de conformidade co artigo 102.1 o LCSP.

Modificacións previstas: incremento da demanda polo que se poderá aumentar nalgún club a maiores dos orzamentados. Nestes casos, o importe estimado podería ampliarse ata un 20 % máis do importe inicial do contrato, despois de garantir que existe consignación orzamentaria suficiente e axeitada. Trataríase de modificacións puntuais.

c) Valor estimado e importe de licitación

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP, é de 43.245,04 euros.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

IMPORTE LICITACIÓN (1 ANO)	LOTE 1	LOTE 2
Importe de licitación (IVE excluído)	16.482,12 €	3.174,72 €
IVE 21 %	3.461,25 €	666,69 €
TOTAL	19.943,37 €	3.841,41 €

IMPORTE LICITACIÓN (2 ANOS)	LOTE 1	LOTE 2
Importe de licitación (IVE excluído)	32.964,24 €	6.349,44 €
IVE 21 %	6.922,49 €	1.333,38 €
TOTAL	39.886,73 €	7.682,82 €

	LOTE 1	LOTE 2
Importe de licitación (IVA excluído)	32.964,24 €	6.349,44 €
Importe das modificacións previstas (IVA excluído)	6.592,85 €	1.269,89 €
Prórroga (IVA excluído)	32.964,24 €	6.349,44 €
TOTAL	72.521,33 €	13.968,77 €
TOTAL VALOR ESTIMADO (LOTE 1 + LOTE 2)	86.490,10 €	

6. Análise do Procedemento

a) Xustificación do procedemento

Con base nas necesidades descritas nos apartados anteriores e ao obxecto do contrato, considérase que o procedemento máis axeitado para levar a cabo a licitación deste contrato de servizos é o Procedemento Aberto, xa que se cumpren as condicións establecidas no artigo 156 da LCSP, ao non darse as circunstancias previstas no artigo 159 da mesma disposición nin ter a contía necesaria para ser considerado un contrato de regulación harmonizada.

b) Cualificación do contrato

Segundo a presente Memoria Xustificativa, considerando o seu obxecto e natureza, o contrato de servizos rexerá polas normas do dereito administrativo.

c) Duración

A duración do contrato será de DOUS (02) ANOS.

Poderán autorizarse dúas prórrogas dun ano, ata un máximo de catro anos de duración total do contrato.



CONCELLO DE OLEIROS

7. Criterios de valoración

Para a adxudicación do contrato, teranse en conta os seguintes factores:

7.1. Criterio subxectivo: Calidade do proxecto técnico (de 0 a 50 puntos)

Os aspectos que se terán en conta puntuaranse do seguinte xeito:

A) Concordancia co medio real onde se desenvolven as actividades e grao de coñecemento da situación municipal actual en relación cos programas a desenvolver que se describen no prego (de 0 a 10 puntos).

B) Adecuación da metodoloxía a utilizar en función das persoas destinatarias (de 0 a 10 puntos).

C) Proxecto de coordinación dos clubs de lectura, de dez páxinas como máximo, coa elaboración e deseño dunha proposta de programación: lecturas seleccionadas, temporalización, obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos empregados, dossiers elaborados e avaliación final (de 0 a 30 puntos):

Programación de lecturas (de 0 a 5 puntos).

Obxectivos (de 0 a 5 puntos).

Contidos (de 0 a 5 puntos).

Metodoloxía empregada (de 0 a 5 puntos).

Recursos empregados e dossiers elaborados (de 0 a 5 puntos).

Sistemas de avaliación a desenvolver (de 0 a 5 puntos).

7.2. Criterios obxectivos: (de 0 a 50 puntos)

a) Oferta económica: de 0 a 30 puntos.

Á tarifa máxima de licitación corresponderalle unha puntuación de 0 puntos. Outorgaranse 5 puntos por cada tramo completo de rebaixa de 5 euros no prezo por sesión de cada lote.

b) Experiencia: de 0 a 20 puntos.

Valorarase a experiencia do persoal contratado, sempre e cando teñan máis de 2 anos de experiencia (cun mínimo de 12 sesións por ano) en programas iguais ou similares que os descritos no PPT.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Experiencia media do equipo adscrito ao contrato	Puntos
2 anos ou menos	0
De 2 anos e 1 día a 4 anos	5
De 4 anos e 1 día a 6 anos	8
De 6 anos e 1 día a 8 anos	12
De 8 anos e 1 día a 10 anos	15
Máis de 10 anos	20

Para a acreditación da experiencia deberá presentarse:

*Empresario:

- Fotocopia compulsada dos contratos de traballo vinculados aos postos de traballo a desempeñar.
- Orixinal ou fotocopia compulsada dos informes de vida laboral ou dos certificados de empresa.
- En caso de ter traballado para a Administración pública, certificados de prestación de servizos emitidos polos órganos competentes.

*Traballadoras/es autónomos/profesionais:

- Certificados de vida laboral da Seguridade Social.
- Certificados de situación censal en IAE no epígrafe correspondente durante os anos en que realizou a actividade
- Declaracións xuradas de datas, horas de impartición e concepto.(Outra documentación acreditativa da realización das actividades: contratos, facturas acompañadas de pagos,...)



**CONCELLO DE
OLEIROS**

8. Conclusións

Trátase dun contrato de servizos que será tramitado por Procedemento Aberto con diversos criterios de valoración.

Duración: A duración do contrato é de dous anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano, ata un máximo de catro (04) de duración total do contrato.

Oleiros, a data da sinatura electrónica.

Vº e Prace Superior Xerárquico

Asdo.

Mª José Santos Zas

Mª Luz Corral Uzal

Sétima tenenta de Alcalde, delegada de Cultura
e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude

Coordinadora das bibliotecas municipais